

P. Martínez Lema (2008): “Achegamento á antropotoponimia do concello de Vilalba (Lugo)”, en M. Brea / F. Fernández Rei / X. L. Regueira (eds.): *Cada palabra pesaba, cada palabra medía. Homenaxe a Antón Santamarina*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 155-162.



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.

ACHEGAMENTO Á ANTROPOTOPONIMIA DO CONCELLO DE VILALBA (LUGO)

Paulo Martínez Lema

DEPARTAMENTO DE FILOLOXÍA GALEGA

Das 28 parroquias que constitúen o concello de Vilalba (Lugo), até un total de 13 (aproximadamente o 46% do total) teñen como denominación un topónimo procedente dun antigo nome de poseedor. Tentaremos analizar brevemente cales son os antropónimos que se atopan na xénese deses nomes de lugar, así como a evolución dos mesmos até a súa forma hodierna.

Belesar (San Martiño)

Esta freguesía aparece nun documento de 1128 como *S. Martinus de Belsar*, e nun repartimento de 1488 como *la yglesia de San Martinno de Belsar*. Non cabe dúbida de que nos atopamos perante unha antiga (UÍLLA) BELĪSARĪĪ, xenitivo do ben coñecido e documentado antropónimo BELĪSARĪŪS. A súa orixe parece estar nunha combinación dos temas **bili(z)* ‘machada de guerra’ e *harjis* (> -ARĪŪS) ‘exército, hoste’ (HGN, 99: §42), aínda que Elixio Rivas (1991: 122) suxire os temas *bill* ‘pica, lanza’ e *sarwa* ‘armadura’.

A partir do xenitivo BELĪSARĪĪ, o resultado lóxico e esperábel en galego-portugués sería **Besar*¹, xa que a síncope temperá do –Ī- pretónico garantiu a permanen-

1 No tomo de Toxosoutos menciónase en varias ocasións un *Beesar* no lugar de Carantoña (San Pedro de Tállara), para o que talvez podería postularse este mesmo étimo.

cia do -L- ao perder este a súa natureza intervocálica. A forma resultante foi *Belsar*, presente hoxe en Cerceda [2], Vilarmador e Oourol. Os numerosos *Belesar* (Chantada, O Incio, Lugo, O Saviñao, Coles e Baiona) explícanse pola posterior inserción dun [e] anaptítico, que no caso do topónimo vilalbés, e á luz dos testemuños documentais, aínda non estaba consolidado a finais do s. XV.

Boizán (Santiago)

Trátase con toda seguridade do *Sanctus Iacobus de Buigani* e *S. Iacobus de Burgani* que figuran en documentos de 1128². A forma do topónimo nestes testemuños (sobre todo no segundo deles) débese moi probabelmente a unha interpretación defectuosa, mais no repartimento de 1488 lemos xa *Santiago de Boyçan*. En canto á etimoloxía, podería vincularse co cognome etnonímico romano BOLITANŪS / UOLITANŪS, aboado por Kajanto (LC, 50), ou ben co antropónimo tamén latino BUSIANŪS³, mais en ambos os dous casos habería que supor unha evolución irregular do étimo. Parécenos máis probábel que proceda dun dos varios derivados que coñeceu o adxectivo e cognome BŌNŪS. Nesta liña podería tratarse de *BONITĪANŪS, creado a partir de BONITŪS⁴ coa adición do sufixo -(Ī)ANŪS. Formacións deste tipo son frecuentes na antroponimia hispanorromana (e nas súas posteriores cristalizacións toponímicas), proliferando principalmente en época posclásica. En canto ao topónimo *Os Boizás*, que dá nome a un barral da veciña freguesía de San Mamede de Oleiros, trátase moi seguramente dun derivado de *Boizán*, con carácter etnotopónimo.

Corvelle (San Bartolomeu)

Tanto o topónimo vilalbés como os seus numerosos homónimos deben retrotraerse a un (UĪLLA) CORUĪLĪ, xenitivo de CORUĪLĪŪS, un dos moitos nomes relacionados co cognome CŌRUŪS e os seus abondosos derivados. Porén, tampouco podería descartarse unha orixe baseada en CURUĒLLŪS (do cognome CŪRUŪS),

2 O P. Villarroel rexístrao como *Boyazán*, no que debe ser unha errata tipográfica por *Boyzán*.

3 Este nome, perfectamente identificado en varios textos medievais, está seguramente na orixe dos diversos *Buxán* espaxados por toda a xeografía galaica.

4 Este antropónimo é bastante frecuente segundo parece na antroponimia altomedieval catalana, mais non deixa de rexistrarse na galega (Boullón, 1999: 159), e a el hai que retrotraer o topónimo *Buide* (Begonte). A súa estrutura morfolóxica explícase pola derivación do adxectivo latino BŌNŪS mediante o sufixo -ĪTŪS.

tendo en conta que as raíces CÖRU- e CŮRU- confluíron a miúdo (por razóns fonéticas obvias) neste tipo de derivados antroponímicos⁵.

Distriz (San Martiño)

O nome desta freguesía vilalbesa consta no devandito documento de 1128 como *S. Martinus de Desterit*, e na relación de 1488 lemos *San Martinno de Distris*. Trátase dun topónimo relativamente ben representado no territorio galego, e en Padrenda rexistramos a variante *Desteriz*. A súa etimoloxía retrotráenos en todos os casos a unha (UÍLLA) DESTERICĪ, xenitivo do antroponimo DESTERICŪS, constituído á súa vez polo latín DĒXTER ‘dereito, situado á dereita’ e o tema xermánico *rikaz ‘poderoso, rico’ (HGN, 112: §65), aínda que Elixio Rivas suxire a posibilidade dunha combinación de DĒXTER co sufixo tardolatino -ĪCUS (1991: 144-145)⁶.

Goiriz (Santiago)

Mencionado xa nun documento de 897 como *S. Jacobi de Goyriz* e en 1128 como *S. Jacobus de Goeriz*⁷, este topónimo presenta certas dificultades á hora de identificar o primeiro constituínte do nome persoal de que procede (pois o segundo é o xa comentado *rikaz ‘poderoso, rico’). Piel e Kremer póneno en relación con *Goiaricus* e *Goericus*, formas nas que participaría o gótico *gauja* ‘habitante dun país’ ou ben *garwi* ‘país, rexión’ (HGN, 155: §155). Porén, tampouco descartan outra opción, ao noso xuízo máis probábel, como é o antroponimo *Gudericus*, cuxo primeiro tema non deixa de ser igualmente problemático: podería tratarse de *gôps* ‘bo’, de *gub* ‘Deus’ ou mesmo do etnónimo *guts, *guta ‘godo’ (HGN, 173 e ss.).

Gondáisque (Santa María)

No documento de 1128 denomínase *S. Maria de Gandaisco*, mentres que o nome moderno rexístrase por vez primeira no repartimento de 1488: *la yglesia de*

5 De feito, Elixio Rivas (1991: 142) remite os nomes CURUĚLLŪS e CURUILĪŪS ao cognome CÖRUŪS, asociación que ao noso xuízo non é de todo atinada.

6 Consideramos moi pouco probábel a hipótese dun sintagma *de* (preposición) + antroponimo *Asterico/Esterico*, apuntada por Piel e Kremer (HGN, *ibid.*), xa que o primeiro dos constituíntes (*Deste-*) reaparece noutros antroponimos bitemáticos como p.ex. DESTEREDUS.

7 Ademais, en textos da colección do mosteiro de Vilourente encontramos referencias a un tal *Afonso Yannes, clerigo de Goyris*.

Gondaisque. A súa orixe, como xa souberon ver Piel e Kremer (HGN, 279: §294), lévanos ao antropónimo WANDALĪSCŪS (> *Bandaliscus*, *Handaliscus* e outras variantes na documentación medieval). Na súa estrutura reconécese o tema etnonímico *wandal*-⁸ ‘vándalo’ e mais o sufixo *-isco*, moi produtivo na creación de adxectivos posteriormente nominalizados. A irregular evolución do xenitivo, que debería xerar unha forma **Gondaíz/*Gondaíce* ou similar, explícase pola acción analóxica do caso xeral, cando non pola propia vitalidade da que gozaba e goza o devandito sufixo⁹.

Mourence (San Xiao)

En 1128 menciónase esta parroquia como *S. Iulianus de Maurenti*. A forma actual emerxe por vez primeira no repartimento de 1488 (*la yglesia de Mourençe*), e Villarroel inclúea no seu nomenclátor como *Mourenze*. Á luz do rexistro máis antigo parece obvio que nos atopamos perante o resultado dun (UĪLLA) MAURENTĪĪ, xenitivo de MAURENTĪŪS, un dos numerosos derivados que coñeceu o antigo etnónimo MAURŪS. A mesma base terán xa que logo os diversos *Mourente* espallados pola nosa xeografía. A variante moderna do topónimo vilalbés, que se repite como nome dunha aldea do concello de Viveiro, debe explicarse pola acción analóxica de *Mourenço / Mourenzo*, procedente do caso xeral (< MAURENTĪŪ) e do que coñecemos bastantes exemplos medievais.

Nete (San Cosme)

O nome desta freguesía aparece no noso documento de 1128 como *S. Cosme de Neti*, e reencontrámolo nunha doazón de 1275 como *Neete*. Remite moi probablemente a un primitivo (*UĪLLA) NĚPTĪ(Ī), xenitivo do antropónimo *NĚPT(Ī)ŪS (> *neto*), tal e como xa suxerira Piel (1948: §274). Trátase dunha creación analóxica a partir da forma feminina clásica NĚPTA, e tivo un considerábel éxito nos hábitos antroponímicos da Galiza medieval, fundamentalmente como sobrenome.

8 Na alteración da primeira das vogais pretónicas quizais influíu o tema gótico *gunþ-* (> *gund-* / *gunt-*), coa significación ‘loita’, aínda que tamén puido tratarse dunha mera disimilación vocálica favorecida polo carácter velar da consoante [g].

9 Idéntica sorte correu o *Bandalisque* asturiano (HGN, *ibid.*), cognado do topónimo vilalbés. A forma *Gondarisco*, nome dunha poboación de Vigo, debe provir directamente do primitivo caso acusativo, mais cun tratamento anómalo do *-L-*.

Noche (San Martiño)

No documento de 1128 ao que tantas veces volvemos alúdense á parroquia de *S. Martinus de Nosti* e tamén a unha *pontem de Nousti*. Moi similar é forma recollida nun documento de 1282, no que se fai alusión a *SSan Martin de Noste*. No repartimento de 1488 o topónimo aparece xa coa súa feitura moderna, i.e., *San Martinno de Noche*. Como xa viron Piel e Kremer (HGN, 209: §192), a orixe deste topónimo está nun sintagma (UĪLLA) NAUST(Ī)Ī, xenitivo á súa vez do antropónimo NAUST(Ī)ŪS. A raíz sobre a que se formou, *Naust-*, resulta aínda hoxe bastante opaca en canto á súa orixe e significado, mais non deixa de aparecer noutras formacións antroponímicas antigas, como *Naustila* ou *Naustinus*, p. ex. (HGN, *ibid.*).

Amable Veiga ocupouse brevemente deste topónimo nun dos seus artigos (1989: 29), concluíndo que a forma *Noche* é castelanización da lexítima galega *Nouche*¹⁰. As atestacións medievais con [o] tónico parecen desmentir tal apreciación, evidenciando a tendencia do ditongo [ow] (<AU-) á monotongación cando aparece trabado por unha consoante: lembremos topónimos como *Pol* (< **Poul* < PAULĪ), *Morgade* (< **Mourgade* < MAURECATĪ) e tantos outros de similar estrutura, aos que agora podemos engadir *Noche* no seu estadio medieval (< *Noste* < **Nouste*)¹¹. Por outra banda, a segunda e definitiva fase na evolución do étimo proposto (-STĪ > -*che*) é xustificada polo mesmo autor acudindo a fenómenos similares e ben coñecidos do paradigma verbal, pois “si el latín *amasti* da en gallego *amache* [...], la forma salida de *Nausti* debe tener una sílaba final -*che*”. Mais non é a secuencia -STĪ a que xera por si soa unha africada prepalatal [tʃ], senón que para que tal fenómeno se complete é necesario que a vogal palatal ocupe posición de marxe silábica. Así o vemos p. ex. en CRISTĪANŪ > *reschão*, SEBASTĪANŪ > *Sauachão* e, efectivamente, na terminación da p2 do Pretérito Indicativo, explicábel a partir da combinación desta forma co clítico de Acusativo: *amasti* + *o* > *amastjo* > *amascho* > *amacho* (reinterpretado como *amach(e) + o*). Deste xeito, o resultado *Noche* a partir de NAUSTĪ non é espontáneo, senón que debe explicarse de novo como resultado da interferencia do caso xeral, i. e., **Noscho* (< *Nostjo* < NAUSTĪŪ), que si reunía as condicións fonéticas necesarias para a emerxencia da africada¹².

10 Esta variante *Nouche* existe realmente, sendo hoxe o nome dunha entidade de poboación do coruñés concello de Ordes.

11 A lista de exemplos aínda se agrandaría con outros topónimos procedentes desa mesma raíz *Naust-*, como é o caso de *Nostián* (A Coruña e Arteixo), no que se reconece o acusativo ou o xenitivo latinizado do xa mencionado NAUSTILA.

12 Trátase do mesmo proceso que o propio Amable Veiga suxire nese artigo para o xa comentado *Mourence*, así como para *Trebolle* (etimoloxicamente **Treboi* ou **Trebol*, se aceptarmos como base o xenitivo TRĪFOLĪ).

Román (Santalla)

Citado en 1128 como *S. Eulalia de Romani*, resulta evidente que estamos ante unha antiga (UÏLLA) ROMANĪ, xenitivo do antropónimo ROMANŪS, un dos moitos xentilicios que acabaron empregados como nomes persoais, se ben a súa propagación debe entenderse como parella á do culto de San Román (Piel, 147: 134)¹³.

Samarugo (Santiago)

Encontramos unicamente unha atestación deste topónimo na documentación medieval, concretamente no repartimento de 1488, no que se alude a esta freguesía como *la yglesia de San Cristoual de Xamarugo*. Debe provir do ictiónimo *samarugo* (coa variante *xaramugo*), de orixe incerta, aplicado aos peixiños de pequeno tamaño (incluso cágados) que poden ser empregados como bicada para pescar. Esta idea de miudeza, ou incluso a acepción figurada ‘terco’ (que aboa Constantino García no seu glosario), puideron xustificar o seu emprego como sobrenome, a partir do cal cristalizaría como topónimo¹⁴.

Tardade (Santa María)

Carecemos de atestacións antigas deste topónimo, se ben a freguesía por el designada aparece na concordia de 1128 como *S. Maria Major*, e como *la yglesia de Santa Maria Mayor* na relación de 1488. A súa orixe debe estar nun sintagma (*UÏLLA) TARDENATĪ, no que se reconece o xenitivo do antropónimo latino TARDENATŪS. Este *cognomen* non aparece incluído no inventario de Kajanto, mais encontrámolo en documentos altomedievais tanto galegos como leoneses e pode relacionarse co abondoso grupo de nomes latinos alusivos a circunstancias do nacemento, neste caso a un retraso no parto. A evolución fonética non ofrece excesivas dificultades, mais cómpre salientar a redución do encontro vocálico heterosilábico [ɛ̃ã] (resultante da consabida perda do -N-) en [a], fenómeno tamén verificábel noutras palabras da lingua. Podemos contrastar este *Tardade* co topónimo *Tardeado* (Negreira), tamén

13 A evolución diverxente *Romai*, con perda do -N-, é igualmente escasa, pois só coñecemos unha freguesía con esa denominación, concretamente no concello pontevedrés de Portas.

14 As ocorrencias deste apelativo como alcuña nos textos antigos son escasas, mais en absoluto inexistentes. P. ex., nunha doazón conservada no Arquivo da Catedral de Ourense figura un *Petro Pelagii filio Pelagii Samarugo*.

procedente de TARDENATŮS, mais neste caso do acusativo, o que supón asemade unha formación posterior á do topónimo vilalbés. Repárese ademais no mantemento do hiato, o que nos coloca ante unha situación similar á que se dá noutras parellas toponímicas como *Andrade / Andreade* (< ANDREATĪ?), p. ex.

Vilapedre (San Mamede)

Malia a ausencia de rexistros medievais, este topónimo remite sen dúbida ningunha a UĪLLA PĚTRĪ, conservando o antigo núcleo nominal fronte á solución elíptica *Pedre* e similares.

Xoibán (San Salvador)

Atopamos este topónimo na documentación medieval unha soa vez, concretamente no repartimento de 1488, no que figura *la yglesia de Joyban*. Villarroel rexístrao como *Goibán*, forma que quizais poida explicarse como consecuencia dun proceso de ultracorrección. En todo caso, coincidimos con Piel (1948: §84) ao establecer como orixe deste topónimo o nome persoal latino IOUĪANŮS, através da consabida estrutura (*UĪLLA) IOUĪANĪ. En IOUĪANŮS reconecemos un derivado do *nomen* IOUĪŮS mediante a adxunción do sufixo -ANŮS (vid. **Boizán**). Asemade, *Xoibán* (que á luz desta hipótese debería grafarse con -v-) vincúlase a topónimos da mesma raíz, como os diversos *Xove* (< IOUĪ) e *Xubín* (< IOUĪNĪ), ou mesmo *Xovelle* (< *IOUĒLLĪ).

Abreviaturas

HGN - *Hispano-gotisches Namenbuch*
 LC - *Latin Cognomina*

Bibliografía

- Boullón Agrelo, A. I. (1999): *Antroponimia medieval galega (ss. VIII-XII)*, Tübingen: Niemeyer.
 Cal Pardo, E. (1999): *Colección diplomática medieval do Arquivo da Catedral de Mondoñedo: transcripción íntegra dos documentos*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

- Dolç, M. (1960): “Antroponimia latina”, in *Enciclopedia Lingüística Hispánica (Vol. I)*. Madrid: Consejo Superior de Investigaciones Científicas [pp. 389-421].
- Flórez, E. (1789): *De las iglesias britoniense, y dumiense, incluidas en la actual de Mondoñedo*. Madrid: Oficina de Pedro Marín.
- Kajanto, I. (1982): *The Latin Cognomina*, Roma: Giorgio Bretschneider.
- Machado, J. P. (1993): *Dicionário onomástico etimológico da língua portuguesa*, Lisboa: Livros Horizonte [3 vv.].
- Olano Silva, V. (1967): “Toponimia gallega”, in *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo*, T. 8 [pp. 121-129].
- Pensado Tomé, J. L. (1975): “Papeletas de nombres de peces del P. Fr. J. Sobreira”, in *Verba*, vol. 2 [pp. 157-180].
- Piel, J. M. (1937): *Os nomes germânicos na toponímia portuguesa (I. Adães-Novogilde)*, Lisboa: Imprensa Nacional.
- (1945): *Os nomes germânicos na toponímia portuguesa (II. Oldrões-Zendo)*, Lisboa: Jorge Fernandes Ltd^a.
- (1948): *Nomes de “possessores” latino-cristãos na toponímia asturo-galego-portuguesa*, Coimbra: Universidade de Coimbra.
- (1950): *Os nomes dos santos tradicionais hispânicos na toponímia peninsular*, in *Biblos*, vv. XXV-XXVI [separata].
- (1984): “Novíssimas achegas à história da tradição antroponomástica mais antiga latina no Noroeste galaico”, in *Verba*, vol. 11 [pp. 5-24].
- Piel, J. M. e D. Kremer (1976): *Hispano-gotisches namenbuch*, Heidelberg: Carl Winter.
- Rivas Quintas, E. (1991): *Onomástica persoal do Noroeste hispánico*, Lugo: Alvarellos.
- Villarreal Pérez de Baños, J. (1810): *Diccionario nomenclator de las ciudades, villas, aldeas, case-rías, cotos, ventas, castillos, prioratos de todo el Reyno de Galicia*. Santiago de Compostela: Juan Francisco Montero.
- Vives, J. (1972): *Inscripciones latinas de la España romana: antología latina de 6800 textos*. Barcelona: Universidad de Barcelona (Departamento de Filología Latina).
- Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades: CODOLGA (Corpus Documentale Latinum Gallaeciae). <<http://balteira.cirp.es/codolga/>>
- Instituto da Lingua Galega: TMILG (Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega). <<http://ilg.usc.es/tmilg/>>